

## MANIFESTO

**“Agora máis que nunca, coas persoas esquecidas”**

***#circulosdesilencioencasa***

A situación de “Estado de alarma” decretada polo goberno español ante a epidemia do coronavirus supuxo o masivo confinamento da poboación nos fogares, resumido no *hashtag* *#QuédateEnCasa*. Tamén conlevou unha gravísima crise económica, coa apertura de ERTes en innumerables empresas e a perda de emprego para moitos centos de miles de persoas. Mentres, os contaxios aumentan e as vítimas do virus non deixan de multiplicarse. Con elas, crece a dor e a preocupación das familias.

Nestas circunstancias, non podemos deixar de alzar a voz polas persoas migrantes, que encarnan, moi a pesar seu, ás vítimas de sempre, tamén de agora. Elas atoparon as súas posibilidades de sobrevivir en traballos moitas veces precarios que esixen deambular polas rúas -manteros-; elas asumiron moitos dos traballos de coidados nos fogares galegos e españois; elas afrontan tamén nunha elevada porcentaxe tarefas agrícolas en condicións a miúdo moi difíciles; elas -en especial as mulleres- son vítimas da trata e vense abocadas á prostitución; elas, por último, atópanse a miúdo recluídas nos CIEs por non cometer máis delito que fuxir das guerras, a fame, a pobreza...

Son tamén non poucas persoas migrantes, xunto a outras moitas empobrecidas e marxinadas, as primeiras que non poden cumprir o requirimento do goberno de recluírse nos seus fogares porque viven na rúa ou en campamentos improvisados xunto ás grandes explotacións agrícolas onde traballan ou en prostíbulos ou en cárceres ou nos CIEs, ou en pisos diminutos que comparten porque non poden permitirse nada mellor, igual que moitas outras persoas vítimas da pobreza e a exclusión... En definitiva, falamos dunha parte da poboación, de veciños e veciñas que non poden cumprir o requirimento do goberno porque non teñen casa, porque non teñen algo ao que poidan chamar fogar.

Estes días recibimos con esperanza a noticia de que están “a desaloxar” algúns CIEs (en Aluche, Barcelona, Valencia...) para evitar o contaxio dos seus internos. Pero non somos inxenuos: a medida débese ás reclamacións das organizacións de dereitos humanos, ás protestas dos internos e á preocupación porque haxa alí un contaxio masivo que poña -máis aínda- en evidencia as condicións de masificación nas que (mal)viven os internos, e sobre todo débese á imposibilidade de expulsalos polo peche de fronteiras. En todo caso, o Defensor do Pobo solicitou ao Goberno, sumándose á reclamación de numerosas organizacións e colectivos, a liberación de todas os inmigrantes dos Centros de Internamento para Etranxeiros (CIEs) de España. Enseguida xorde a pregunta de se as persoas alí recluídas recibirán opcións para acollerse en condicións dignas baixo un teito. De momento, o goberno libera ás que teñen residencia estable; para as que carecen dela, di estar a buscar alternativas humanitarias... que esperemos cheguen canto antes.

Recentemente, Leilani Farha, relatora especial de Nacións Unidas, era moi clara ao referirse á situación de moitas familias e persoas sen unha vivenda digna: “Insto aos estados a que tomen medidas extraordinarias para garantir o dereito á vivenda para que todos poidan protexerse contra a pandemia”. E engadía con rotundidade: “A vivenda converteuse na primeira liña de defensa contra o coronavirus. O ter un fogar, agora máis que nunca, é unha situación de vida ou morte”. Non se pode falar máis claro.

Por todo iso, sumámonos a moitas persoas, organizacións e colectivos de dereitos humanos e esiximos:

- Frear as repatriacións e calquera outra medida de orde xudicial ou administrativo que poña en risco a persoas que ante todo deben ter garantidas as necesarias medidas de protección sanitaria. Lembremos ademais que o mantemento destas políticas só contribúe a coartar a consulta das persoas migrantes sen papeis nos centros de saúde próximos.

- Pechar os CIEs e ofrecer alternativas habitacionais dignas ás persoas que non teñan unha vivenda estable; ademais, deberán garantirse condicións de seguridade sanitaria adecuadas en todos os albergues e aloxamentos para persoas sen residencia fixa que estean alí de forma temporal, mentres non se lles ofrece unha alternativa máis idónea.

- Combater e denunciar as afirmacións de carácter xenófobo que busquen estigmatizar ás persoas migrantes, especialmente cando proceden de organizacións e medios con evidente poder mediático.

- Compromisos explícitos por parte dos poderes políticos e mediáticos para promover unha información argumentada en positivo sobre as achegas que fai a poboación migrante e refuxiada á nosa sociedade, ao tecido económico mediante o consumo e o pago de impostos, á potenciación dos coidados, aos traballos na agricultura e a construción, á recuperación e rexeneración do tecido social, cada vez máis envellecido...

Nestes días, coma se espertásemos a unha nova realidade, somos máis conscientes que nunca do que é importante na vida: a liberdade de movementos, de desprazarte onde che pete (os voos procedentes de España foron restrinxidos en moitos países); o pracer de gozar dun paseo, sen rumbo fixo, só porque si; a ledicia de atoparse coas persoas amigas, coas veciñas, coa xente da nosa contorna; a marabilla da caricia, do bico, da aperta; o valor dos traballos de coidados e de quen produce os nosos alimentos, en mans moitos deles das persoas migrantes e precarizadas...

Xorde unha esperanza... Esta crise puxo de manifesto a nosa fragilidade, a nosa vulnerabilidade. Seica agora, que caeron as nosas seguridades, seica agora, que o estado de benestar se cambalea, podamos liberarnos dos medos que levaron a pechar todas as fronteiras ás persoas migrantes e refuxiadas. Talvez podamos, agora, por fin, abrir os ollos e os brazos a quen veñen do sur buscando un mundo mellor e poden axudarnos a construílo.

Poderíamos terminar este manifesto esixindo un cambio nas políticas migratorias en nome das vítimas, porque asumimos tacitamente ese xogo da linguaxe que nos leva a distinguir entre nós e elas, as outras, as de fóra. Pero non queremos caer nese xogo. Así que o imos a facer no noso propio nome, en nome de boa parte da sociedade galega, española e europea, que quere outro mundo posible, necesario e cada vez máis urxente. En nome de moitas persoas, organizacións e colectivos; en nome dunha dignidade manchada e escarnecida; en nome dunha vergoña infinita; en nome, tamén, porque son froito noso, das nosas vítimas, que poboan os fondos do mar Mediterráneo.

Un poeta escribiu unha vez: “Virá un día máis puro que os outros [...]. Un fulgor novo envolverá as cousas”. Virá un día máis puro que os outros, un día no que a solidariedade sexa o pan tenro de cada día, un día no que xa non haxa CIEs, refuxiadas, sen papeis, estranxeiras, sen fogar, maltratadas, explotadas, ninguneadas, esquecidas, ninguéns...

Ese día pode ser HOXE.

# CírculosDeSilencioEnCasa